C6.2 - Análise de todos os aspectos ambientais, sociais e de gobernanza, das expectativas dos grupos de interese e da importancia dos aspectos ASG en relación cos obxectivos empresariais.

C6.3 - Accións encamiñadas a minimizar os impactos negativos e a aproveitar as oportunidades que presentan os principais aspectos ASG identificados.

#### Obxectivos específicos

Diferenciar os grupos de interese dunha empresa. Comprender os aspectos ASG e a súa relevancia para a xestión empresarial. Coñecer as novas regulacións en materia de información non financeira.

#### Resultados ou produtos

- Unha análise dos grupos de interese para unha empresa ficticia.
- Un resumo dos principais requisitos das Normas Europeas de Información sobre Sustentabilidade (NEIS).

#### Recursos específicos

Ordenador, proxector, presentacións e recursos didáticos na aula virtual.



UD	Título da UD	Duración
4	DESEÑO E PRODUCCIÓN SOSTIBLES	8

	Actividade	Descrición	Duración
1	Producción Sostible	Analízanse os modelos de produción actuais, contrastando a economía lineal coa economía circular. A unidade enfócase no ecodeseño e nos principios da produción limpa para desenvolver procesos e produtos máis sostibles.	8

#### **Criterios de avaliación**

**RA1 - Identifica os aspectos ambientais, sociais e de gobernanza (ASG) relativos á sustentabilidade, tendo en conta o concepto de desenvolvemento sustentable e os marcos internacionais que contribúen á súa consecución**

CA1.4 - Analízase a importancia de identificar os aspectos ASG máis relevantes para os grupos de interese das organizacións, relacionándoos cos riscos e coas oportunidades que supoñen para a propia organización

**RA4 - Propón produtos e servizos responsables tendo en conta os principios da economía circular**

CA4.1 - Determináronse os modelos de produción e consumo actual

CA4.2 - Analízase o ciclo de vida do produto

CA4.3 - Identifícanse os principios da economía verde e circular

CA4.4 - Contrastáronse os beneficios da economía verde e circular fronte ao modelo clásico de produción

CA4.5 - Aplicáronse principios de ecodeseño

CA4.6 - Identifícanse os procesos de produción e os criterios de sostibilidade aplicados

**RA5 - Realiza actividades sostibles minimizando o impacto destas no ambiente**

CA5.1 - Caracterízase o modelo de produción e consumo actual

CA5.2 - Identifícanse os principios da economía verde e circular

CA5.3 - Contrastáronse os beneficios da economía verde e circular fronte ao modelo clásico de produción

CA5.4 - Avaliouse o impacto das actividades persoais e profesionais

CA5.5 - Aplicáronse principios de ecodeseño

CA5.6 - Aplicáronse estratexias sostibles

CA5.7 - Analízase o ciclo de vida do produto

CA5.8 - Identifícanse os procesos de produción e os criterios de sostibilidade aplicados

CA5.9 - Aplicouse a normativa ambiental

#### **Contidos**

**BC4 - Planificación de produtos e servizos responsables tendo en conta a economía circular**

C4.1 - Características principais dos modelos de produción e consumo actual en produtos e servizos.

C4.2 - Análise de sustentabilidade do ciclo de vida de produtos e servizos.

C4.3 - Descrición dos principios e os beneficios da economía verde e circular, a biodiversidade e a actividade económica fronte ao modelo clásico de produción.

C4.4 - Descrición dos principios e os beneficios da economía verde e circular, a biodiversidade e a actividade económica fronte ao modelo clásico de produción.

C4.5 - Produtos sustentables: ecodeseño.

C4.6 - Identificación dos procesos de produción e os criterios de sustentabilidade aplicados.

**BC5 - Desenvolvemento de actividades ou produtos sustentables, minimizando o impacto destas no ambiente**

C5.1 - Modelos de produción e consumo actual en diferentes actividades ou produtos sustentables.

C5.2 - Aplicación dos principios da economía verde e circular.

C5.3 - Valoración dos beneficios da economía verde e circular fronte ao modelo clásico de produción.

C5.4 - Apreciación do impacto das actividades persoais e profesionais.

C5.5 - Materialización dos principios de ecodeseño nas actividades ou nos produtos sustentables.

C5.6 - Aplicación de estratexias sustentables.

C5.7 - Análise das fases do ciclo de vida do produto.

C5.8 - Criterios de sustentabilidade aplicados nos procesos de produción.

C5.9 - Cumprimento de normativa ambiental.

**Obxectivos específicos**

Distinguir entre a economía lineal e a economía circular. Identificar as estratexias do ecodeseño e a produción limpa. Aplicar os principios dun proceso produtivo sostible.

**Resultados ou produtos**

Un esquema comparativo da economía lineal vs. a economía circular.  
Unha proposta de mellora de sustentabilidade para un produto, aplicando o ecodeseño.

**Recursos específicos**

Ordenador, proxector, presentacións e recursos didáticos na aula virtual.

UD	Título da UD	Duración
5	MEDINDO A SUSTENTABILIDADE	6

	Actividade	Descrición	Duración
1	Avances na Sostenibilidade	Esta unidade explora as ferramentas e indicadores para medir o desempeño en sustentabilidade.  Abórdase desde os indicadores clave de desempeño (KPI) ata as certificacións de sustentabilidade e o investimento socialmente responsable (ISR), así como os principais organismos avaliadores.	6

#### Cráterios de avaliación

**RA1 - Identifica os aspectos ambientais, sociais e de gobernanza (ASG) relativos á sustentabilidade, tendo en conta o concepto de desenvolvemento sustentable e os marcos internacionais que contribúen á súa consecución**

CA1.5 - Identificáronse os principais estándares de métricas para a avaliación do desempeño en sustentabilidade, os seus indicadores e o seu papel, segundo a lexislación vixente e as futuras regulacións en desenvolvemento

CA1.6 - Describiuse o investimento socialmente responsable (ISR) e o papel que desempeñen os analistas financeiros e investidores

#### Contidos

**BC1 - Identificación dos aspectos ambientais, sociais e de gobernanza (ASG) relativos á sustentabilidade**

C1.6 - Principais estándares de medición da sustentabilidade. Indicadores. Lexislación vixente.

C1.7 - Definición de investimento socialmente responsable (ISR): criterios éticos, ambientais e sociais. Tipos de ISR.

**BC5 - Desenvolvemento de actividades ou produtos sustentables, minimizando o impacto destas no ambiente**

C5.1 - Modelos de produción e consumo actual en diferentes actividades ou produtos sustentables.

C5.2 - Aplicación dos principios da economía verde e circular.

C5.3 - Valoración dos beneficios da economía verde e circular fronte ao modelo clásico de produción.

C5.4 - Apreciación do impacto das actividades persoais e profesionais.

C5.5 - Materialización dos principios de ecodeseño nas actividades ou nos produtos sustentables.

C5.6 - Aplicación de estratexias sustentables.

C5.7 - Análise das fases do ciclo de vida do produto.

C5.8 - Criterios de sustentabilidade aplicados nos procesos de produción.

C5.9 - Cumprimento de normativa ambiental.

**BC6 - Análise dun plan de sustentabilidade para unha organización empresarial do sector, con identificación dos seus grupos de interese e os aspectos ASG materiais, e xustificación de accións para a súa xestión e medición**

C6.4 - Establecemento das métricas de avaliación acerca do desempeño da empresa tendo en conta os estándares

de sustentabilidade máis amplamente utilizados.

**Obxectivos específicos**

Identificar os principais indicadores de desempeño de sustentabilidade. Coñecer as certificacións e selos de sustentabilidade relevantes. Comprender o concepto de investimento socialmente responsable. Recoñecer os principais organismos e axencias de cualificación.

**Resultados ou produtos**

- Unha táboa de indicadores para medir a sustentabilidade dun proxecto.
- Unha listaxe de selos ou certificacións de sustentabilidade aplicables a diferentes sectores.

**Recursos específicos**

Ordenador, proxector, presentacións e recursos didáticos na aula virtual.

UD	Título da UD	Duración
6	PLAN DE SUSTENTABILIDADE E OUTROS DOCUMENTOS	6

	Actividade	Descrición	Duración
1	Sustentabilidade en Acción	<p>Analízanse os documentos clave que as organizacións utilizan para comunicar o seu desempeño en sustentabilidade.</p> <p>Abórdase a elaboración dun plan de sustentabilidade, as memorias de sustentabilidade e outros informes de impacto ambiental.</p>	6

#### Criterios de avaliación

**RA6 - Analiza un plan de sustentabilidade dunha empresa do sector, identificando os seus grupos de interese e os aspectos ASG materiais, e xustificando accións para a súa xestión e a súa medición**

CA6.1 - Identifícaronse os principais grupos de interese da empresa

CA6.2 - Analizáronse os aspectos ASG materiais, as expectativas dos grupos de interese e a importancia dos aspectos ASG en relación cos obxectivos empresariais

CA6.3 - Definíronse accións encamiñadas a minimizar os impactos negativos e aproveitar as oportunidades que presentan os principais aspectos ASG identificados

CA6.4 - Determináronse as métricas de avaliación do desempeño da empresa de acordo cos estándares de sostibilidade máis amplamente utilizados

CA6.5 - Elaborouse un informe de sostibilidade co plan e os indicadores propostos

#### Contidos

**BC6 - Análise dun plan de sustentabilidade para unha organización empresarial do sector, con identificación dos seus grupos de interese e os aspectos ASG materiais, e xustificación de accións para a súa xestión e medición**

C6.5 - Elaboración dun informe de sustentabilidade co plan e os indicadores propostos.

#### Obxectivos específicos

Coñecer a estrutura dun plan de sustentabilidade. Diferenciar entre un plan de sustentabilidade, unha memoria de sustentabilidade e un informe de impacto ambiental. Saber como comunicar a información non financeira dunha organización.

#### Resultados ou produtos

- Un borrador de índice para un plan de sustentabilidade.
- Unha análise comparativa da memoria de sustentabilidade de dúas empresas.

#### Recursos específicos

Ordenador, proxector, presentacións e recursos didáticos na aula virtual.

## 5.1. Procedemento de avaliación inicial.

Terá por obxecto coñecer as características, capacidades dos alumnos e súa formación previa.

Nos primeiros días do comezo de curso levarase a cabo unha proba escrita de avaliación inicial, na que se plantexarán ao alumno exercicios sobre os apartados máis básicos da materia como:

- Concepto de sustentabilidade - ODS - Cuidado do planeta. Esta proba servirá para valorar o nivel de coñecementos do alumnado respecto aos problemas plantexados ao longo do curso, e que están relacionados co desenvolvemento do módulo, así como tamén detectar posibles casos de atención á diversidade e poder adoptar medidas adecuadas para cada situación.

## 6.1. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>15</b>	<b>20</b>	<b>15</b>	<b>15</b>	<b>15</b>	<b>20</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	70	70	70	70	70	70	<b>70</b>
<b>Táboa de observación</b>	30	30	30	30	30	30	<b>30</b>

### Procedemento e criterios de cualificación:

A avaliación da aprendizaxe do alumnado será continua, precisando da asistencia regular ás clases e das actividades programadas, así como da presentación en prazo dos traballos prácticos propostos.

A avaliación continua realizarase valorando a participación do alumnado na clase, os traballos e actividades realizados na aula, tanto individuais como en grupo, e a resolución dos exercicios e exames, que en cada caso se realicen.

Na valoración das probas escritas, tarefas e outras actividades orais ou escritas, teranse en conta os seguintes aspectos:

- Presentación, orde e claridade nas respostas.
- Uso do vocabulario correcto propio da materia e uso ortográfico correcto.
- Concreción e precisión nas respostas.

O SISTEMA DE CUALIFICACIÓN será numérico, entre 1 e 10 con decimais, expresada con números enteiros, aproximándose por exceso se o primeiro decimal fose un número entre 7 e 9, e por defecto nos demais casos. Este redondeo só será feito na cualificación final do curso.

O proceso de avaliación terá en conta os seguintes dous puntos:

Probas escritas e/ou orais: Faranse unha ou máis probas escritas orais ou actividades do proxecto, por avaliación, que poderán versar sobre tódolos contidos impartidos ata o momento de realización de cada exame. Contarán un 70% da nota de avaliación. Valoraranse:

- os coñecementos teóricos e prácticos,
- a limpeza na distribución de contidos,
- a orde e que non teñan faltas de ortografía,
- a expresión oral, se é o caso,
- o desenvolvemento das situacións propostas, segundo corresponda.

As probas escritas poderán versar sobre: preguntas tipo test, preguntas curtas, exercicios prácticos e unha ou varias preguntas de desenvolvemento. Para cada pregunta farase constar o seu valor numérico, dacordo co establecido nos

criterios de avaliación correspondentes. A proba escrita poderá constar dunha parte teórica e doutra práctica. Cando existan probas obxectivas de que houbo algún tipo de irregularidade (por exemplo, plaxio, alumnado copiando, uso dalgún medio analóxico ou dixital para obter axuda na realización do seu exame, emprego do posto informático con fins distintos aos autorizados, uso de chuletas, pinganillos, teléfono móbil e calquera outro), dará lugar a un suspenso na proba correspondente, e o alumno/a será avaliado na proba de recuperación que se realizará ao longo de cada avaliación parcial ou ao comenzo da seguinte, se non dera tempo a facela antes da xunta de avaliación correspondente.

A convocatoria de todas as probas é única. No caso de que un alumno/a falte á proba, deberá xustificar dita falta cun documento oficial para ter dereito a realizar a devandita proba noutra data. Do contrario, deberá acudir con esa parte á proba de recuperación que se realizará ao longo de cada avaliación parcial ou o comenzo da seguinte, se non dera tempo a facela antes da xunta de avaliación correspondente, para o alumnado con algunha proba escrita pendente de realización ou suspensa.

O alumnado que teña que acudir á proba de recuperación, fará media co resto de puntuacións obtidas no resto de probas ou avaliacións. Esíxese puntualidade e os atrasos non deben superar os 5 minutos desde a hora da convocatoria. O alumnado deberá recuperar exclusivamente a parte da que foi avaliado negativamente. A non superación dun ou varios bloques implicará o suspenso na nota final da avaliación.

Os traballos realizados na aula física ou virtual en cada avaliación representan o outro 30% da nota da avaliación. Teranse en conta:

- a presentación en forma e prazo,
- a calidade dos traballos e actividades de investigación propostas,
- a forma de realizar e de organizar os traballos,
- a súa orixinalidade e contido,
- a súa presentación e as estratexias utilizadas.

Tamén terase en conta o traballo diario, así como aquelas probas de aprendizaxe medida pola corrección voluntaria das actividades para toda a clase e a participación activa nos debates e noutras actividades orais propostas, que serán avaliadas a través dunha táboa de observación.

No traballo en grupo, avaliarase como unha actividade máis dos traballos realizados an aula física ou ritual, e terán rúbricas específicas ou ben táboas de observación para a consulta do alumnado, podendo non ter a mesma puntuación todos os membros do susodito grupo. A entrega de tarefas é obrigatoria. As tarefas serán valoradas de 0 a 10 puntos. As tarefas non entregadas farán media cun 0.

A nota de cada avaliación será a media aritmética das notas obtidas en cada unha das partes, expresada con números enteiros. Para superar a avaliación é preciso que a suma dos dous instrumentos ponderados (probas escritas/orais 70% e traballos 30%) sexa igual ou superior a 5. A cualificación final do módulo será a media aritmética das puntuacións obtidas nas avaliacións, tendo que chegar a un 5 para superar o módulo profesional.

### **Procedemento e criterios de recuperación**

As probas de recuperación de cada avaliación parcial terán similares características ás probas deseñadas para as avaliacións.

Ao longo do curso en cada proba escrita correspondente ás avaliacións, realizarase unha recuperación destinada ao alumnado que non superou a materia, para que poidan ter unha segunda oportunidade. O alumnado poderá recuperar as probas escritas non superadas ou non realizadas, correspondentes a cada avaliación parcial ao longo da mesma ou o comenzo da seguinte se non dera tempo a facelo antes da xunta de avaliación correspondente.

Para facilitar o alumnado a obtención dunha cualificación positiva no módulo, haberá unha proba final para superar as avaliacións pendentes para o alumnado que non recuperaron ao longo do curso e que teñan algunha avaliación suspensa. Será unha proba única. Poderá ter dúas partes diferenciadas: unha parte teórica e outra parte práctica, que serán cualificadas de 1 a 10 tendo unha valoración cada parte segundo os criterios que figurarán na propia proba. Para a superación do módulo deberá obter unha puntuación mínima de 5 puntos. Dita nota estará composta pola nota da proba escrita, que fará media coa ponderación correspondente ás tarefas esixidas polo profesor, que serán valoradas no apartado de traballos.

A suma dos dous instrumentos terá que ser de 5 puntos para recuperar o módulo ou parte do mesmo.

## **6.2. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

O alumnado que promocioe a 2º curso do ciclo co módulo pendente, deberá recuperalo seguindo os criterios establecidos nesta programación, a través da entrega de traballos e/ou realización das probas escritas que determine o profesorado responsable.

## **6.3. Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito á avaliación continua**

O alumnado con perda de dereito a avaliación continua por superar un 10% de faltas de asistencia sobre o total de horas do módulo, realizará un exame final no mes de xuño.

Farase unha proba extraordinaria baseada na totalidade dos contidos esixibles, que se puntuará sobre 10, tendo que obter unha nota igual ou superior a 5 para aprobar.

Consistirá nunha proba que abarcará todos os contidos teórico-prácticos programados e que será única para cada módulo, podendo constar de parte teórica e práctica.

A proba escrita terá as mesmas características que as probas deseñadas para o alumnado sen perda de dereito de avaliación, agás que no cálculo da nota global non se terá en conta a entrega de traballos, polo tanto a ponderación da proba escrita será do 100%.

Para superar o módulo será necesario obter unha puntuación igual ou superior a 5 puntos sobre os 10 xa sinalados.

## **7.1. Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados.**

Tentarase facer un esforzo para atender a cada alumno ou alumna do xeito máis personalizada posible, tendo en conta o seu nivel de coñecementos, ás capacidades que posúe, a súas motivacións e ritmo de aprendizaxe, propoñéndolle exercicios e traballos adaptados ó seu nivel.

As medidas de reforzo consistirán basicamente na atención personalizada na aula e no establecemento de tarefas complementarias con seguimento do docente, nunha posta en común do equipo docente sobre as características xerais do grupo e as circunstancias particulares, con incidencia educativa, de determinados alumnos.

En xeral, proporanse actividades de reforzo, repaso e ampliación segundo as necesidades de cada alumno/a e adaptarse o ritmo de exposición dos novos conceptos.

## **8.1. Programación da educación en valores.**

Son contidos de ensinanza-aprendizaxe sen referencia directa ou exclusiva a ningunha área curricular concreta nin a unha idade ou etapa educativa particular e que responden a inquietudes das persoas e da sociedade, como a igualdade entre homes e mulleres, hábitos de vida saudable, educación para o consumo, respecto ao medio ambiente, etc.

Moitos dos problemas que padece a nosa sociedade ten que ver coa falta de educación en valores, de aí a necesidade de incluír nos currículos do noso sistema educativo os chamados temas transversais. Transmitiranse valores cívicos que fagan que os alumnos teñan maior conciencia de cidadán e saiban comportarse de forma adecuada posteriormente no mundo profesional.

Específicamente o módulo de Sustentabilidade aplicada ao sistema produtivo xa é en sí mesmo un módulo transversal, aínda así sempre se traballará dende unha perspectiva donde se reforcen valores como:

- Educación para a igualdade e a solidariedade.
- Respecto aos compañeiros e ao profesor, a través das actividades cooperativas.
- Tolerancia por diferenza de sexo, relixión, ideas políticas, raza, etc.
- Argumentar as opinións persoais respectando a discrepancia.
- Educación para a paz: ser capaces de resolver conflitos, ter actitudes dialogantes, respectando as opinións dos demais.
- Concienciación polo medio ambiente: non imprimir o que non se necesite, deixar as luces apagadas cando saian da aula.
- Educación para a saúde: sentarse ben na clase, como colocarse diante do ordenador, etc.

## 9.1. Actividades complementarias e extraescolares.

Realizaránse as actividades propostas polo departamento.

## 10.1. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente.

Seguimento da programación: O Decreto 114/2010, da Consellería de Educación, polo que se establece a ordenación xeral da F.P. do sistema educativo de Galicia, no seu artigo 34o-4, dispón:

"O equipo docente realizará o seguimento das programacións de cada módulo, con indicación do grao de cumprimento con respecto á programación e, en caso de desviacións, cunha xustificación razoada"

Ao longo de todo o curso e cunha periodicidade mensual, farase o seguimento da programación deste módulo na aplicación informática da Administración. Anotarase o grao de cumprimento da programación, así como os cambios que se teñan que ir facendo ao longo do curso para adaptala ao grupo-clase, especialmente aos referidos ao grao de consecución de obxectivos, contidos, avaliación, metodoloxía, temporalización e ideonidade dos criterios e instrumentos utilizados.

As medidas correctoras en caso de desaxustes son:

- Se se vai máis rápido do programado: realizar actividades de ampliación, plantexamento de pequenas investigacións relacionadas coa unidade.

- Se se vai máis retrasado do programado: facilitar esquemas, resumos, apuntes de síntese, etc.

Asimesmo, aquelas propostas e suxerencias de modificación que se consideren para mellorar a programación, incorporaranse co afán de servir de guía para a elaboración da programación didáctica do curso seguinte.

Avaliación da propia práctica docente. Esta avaliación realizarase nun primeiro momento no principio de curso, adicando un tempo para explicar aspectos fundamentais da programación docente, resolvendo as dúbidas que xurdan no alumnado. Ao longo do curso, ademáis da observación que se poida facer, o profesor cubrirá un cuestionario de calidade de ensinanza para, a partir deste resultados, poder modificar aqueles aspectos da práctica docente detectados como pouco axeitados ás características do alumnado e ao contexto escolar, cultural e socioeconómico do centro.

Os resultados da avaliacións incluíranse na Memoria final de curso. Ao final do curso, facilitarase ó alumnado un cuestionario de avaliación da práctica docente, anónimo e individual sobre o grao de satisfacción co módulo, onde se valorarán os aspectos seguintes:

- claridade das exposicións,
- nivel de motivación acadado coas actividades propostas,
- suficiencia ou insuficiencia do tempo adicado,
- variedade e adecuación dos materiais empregados
- propostas de mellora

## 11.1. Outros apartados.